



ACTIVIDADES DO CEIP GARCÍA BARBÓN- VIGO

No último trimestre do presente curso escolar no CEIP García Barbón levouse a cabo un proxecto de centro “ 21 días en galego”. O proxecto iniciouse o día 3 de maio e rematouse o 2 de xuño (logo de 21 días lectivos que xiraban ao redor de diversas temáticas) . Dentro deste tempo adicouse un tempo específico á autora homenaxeada no Día das Letras Galegas.

As actividades consistiron en:

- Repartir diferentes poemas por niveis para realizar actividades diferentes adaptadas á idade do alumnado.
 - Memorización e recitado de versos
 - Relevos poéticos por parellas con versos da autora
 - Escritura creativa con acrósticos
 - Conciencia fonolóxica co nome e apelidos da autora
 - Decoración das escaleiras de ambos bloques con versos da autora (adxúntase enlace á entrada do blog no que se publica o resultado, <https://lareando.blogspot.com/2021/05/chanzos-poeticos.html>)
- Ademais elaborouse un “ Pasapalabra” por parte dun alumno e publicouse no blob do Equipo de Dinamización para que puidera ser empregado polas aulas que o consideraran oportuno.

Adxúntase enlace á actividade :

<https://lareando.blogspot.com/2021/05/dende-o-luns-3-de-maio-estamos.html>

Adxúntase unha pequena selección de fotos de propostas e/ou tarefas realizadas á que se pode acceder a través do seguinte enlace.

https://drive.google.com/drive/folders/1UqmrEp5Wp8uo4udocP_QHGC1ULZc5AnI?usp=sharing

Para que conste a todos os efectos asíñase a presente en

Vigo a 24 de xuño de 2021

Asdo. Rosario Maximina Alonso Fernández

Coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega